

INFORMACIÓN E NORMAS DE FUNCIONAMENTO

Este programa permite que nenos e nenas convivan, se divirtan e desenvolvan valores durante o período estival, mentres as familias contan cun recurso que lles permita conciliar a súa vida persoal, laboral e familiar.

Está pensado como un espazo para o coidado, entretemento e a aprendizaxe non formal no que se promoverán os valores da igualdade, a participación e o traballo en grupo.

As actividades están planificadas para nenos e nenas que teñan os **7 anos cumpridos en adiante** e desenvolveranse os **días laborais non lectivos dos meses de xullo e agosto** de 2024. O horario ordinario de desenvolvemento do programa é **das 9:00 ás 14:30 h**, porén se valorará, se é preciso, flexibilizar este horario para dar unha resposta axeitada á demanda das familias (desde ás 8:00 horas ata as 15:00 horas). O programa terá a súa base no **pavillón polideportivo de San Martiño de Porto** do Concello de Cabanas, desenvolvendo actividades non soamente no dito pavillón, senón tamén no parque do Areal, no piñeiral e praia da Madalena, así como na praia de Chamoso.

As modalidades de atención do campamento deportivo son as seguintes: **mensual** ou **quincenal**. Terán preferencia as unidades familiares empadroadas no Concello de Cabanas. En segundo lugar, tamén terán preferencia as unidades familiares con nenas e nenos escolarizadas no CEIP Eladia Mariño. No caso de que a demanda de prazas supere á oferta, contando co anterior, darase preferencia ás unidades familiares cuxos/as proxenitores/as xustifiquen debidamente a necesidade de conciliar no horario do programa, e dentro deste grupo, as unidades familiares con menos ingresos económicos.

ASPECTOS IMPORTANTES QUE SE DEBERÁN CUMPRIR

- As nenas e nenos deber ser **acompañadas/os ata a entrada do Pavillón polideportivo de San Martiño de Porto** e asegurarse de que son recibidas/os polo monitorado.
- A **roupa e calzado** coa que veñan vestidos/as deben ser cómodos e con posibilidades de mancharse. Haberá saídas á praia, polo que deberán levar unha mochila que incluírá toalla, traxe de baño, sandalias ou chanclas, crema de protección solar e unha gorra. Como farán distintas actividades, o monitorado avisará o día anterior da indumentaria máis correcta para o bo desenvolvemento do programa de actividades

➤ A media mañá farase un pequeno descanso para recuperar forzas cunha **merenda** que deberán traer da casa. Fomentaranse as merendas saudables, polo que se recomenda que leven froita, e produtos saudables, evitando os produtos e doces industriais. Por último, é imprescindible que leven unha **botella de auga**.

ORGANIZACIÓN E RECOMENDACIÓNS XERAIS

- Deberase comunicar ao persoal organizador do campamento deportivo calquera **apoio** e adaptación que sexa pertinente e posible para o mellor aproveitamento das persoas participantes nas actividades.
- Prégase puntualidade nas horas de entrada e recollida.
- Se a nena/o debe faltar durante un mínimo de 3 días é necesario comunicarllo ao monitorado ou ás persoas coordinadoras.
- En calquera caso, nas circunstancias relacionadas coa conciliación persoal, laboral e familiar, as familias poden solicitar a participación da/o nena/o **noutro horario**. Para iso deberán consultalo previamente co persoal responsable do campamento deportivo.
- Recoméndase non mandar xogos e xoguetes da casa. O persoal técnico do campamento deportivo non se fará responsable de posibles danos ou extravío destes obxectos.
- Toda a información relativa a alerxias, enfermidades, tratamentos ou algunha outra cuestión médica, deberá comunicarse ao monitorado coas indicacións pertinentes.

PAGAMENTO

O pagamento (**mensual: 65 €/participante** ou **quincenal: 40 €/participante**), unha vez aceptada a solicitude de inscrición, farase por transferencia bancaria no seguinte número de conta:

ES13 2080 0201 9831 1000 0052

No **concepto** do ingreso, especificaranse os seguintes **datos**:

- Campamento deportivo 2024**
- Nome e apelidos da/o nena/o participante**
- Quenda que corresponda (quincena/mes de xullo ou agosto)**

En todo caso, o **pagamento efectuarase unha vez sexa confirmada a praza**.